



DOCUMENTO FINAL

O SEMINARIO NA *NOVA NORMALIDADE*:

Nestes meses, atopámonos cun contexto tan novo como amargo: unha pandemia mundial que nos obrigou, a todas e a todos, a cambiar en maior ou menor medida os nosos hábitos diarios e incluso proxectos vitais.

A crise ocasionada pola COVID19 é e será, sen dúbida, moito máis profunda que a do 2008, e, para máis inri, un número importante de poboación aínda non tivo oportunidade de recuperarse da primeira.

Polo tanto, a actual situación social e económica require que nos afastemos do asistencialismo, e que se dea resposta ás necesidades das persoas dende os seus dereitos e dignidade, como pilares básicos.

As persoas que acoden cada ano aos Encontros Galegos de Participación e Cidadanía Inclusiva, quixeron facelo tamén neste 2020, se cadra con máis dificultade engadida, pero tamén con máis dereitos que reclamar. Estes se viron vulnerados día a día, cando máis necesarios eran.

Ao igual que en anos anteriores, aínda que adaptado ás restricións e medidas de seguridade, este seminario pretendía ser un espazo no que traballar de cara ao empoderamento e participación real da cidadanía na sociedade na que viven, centrado especificamente na creación de propostas que combatan a pobreza e a exclusión no novo contexto de reconstrución social.

Este encontro non se celebrou nun único lugar, se non que as persoas asistentes reuníronse en grupos reducidos en diferentes entidades galegas. Deste xeito, durante a primeira parte da xornada se traballou de forma presencial e nunha segunda parte, os grupos se reuniron a través de videoconferencia para compartir as súas conclusións e poñer remate ao seminario.

Vacinas contra o odio e propostas políticas

Nos últimos tempos assistimos, nas rúas e nas redes sociais, ao aumento de discursos interesados de intolerancia, odio, racismo, xenofobia, machismo e aporofobia. E, aínda que agradecendo que estes discursos políticos non teñan apenas presenza na nosa comunidade, non nos podemos relaxar, xa que seguen a ser obstáculos importantes na consecución dos dereitos de moitas persoas.

Este ano, así mesmo, se celebraron eleccións ao Parlamento de Galicia, o que supón unha oportunidade para reclamar aquelas medidas que son precisas para que ao longo da lexislatura non se quede ninguén atrás.

Durante o seminario se traballou en torno a tres bloques básicos: rendas mínimas, vivenda e emprego.

Sobre estes pilares se realizou unha primeira actividade que consistía na creación de frases ou slogans que plasmaran 'futuros para o compromiso'. É dicir, escenarios posibles e positivos respecto a estas tres áreas que se poden acadar no 2024.

Nunha segunda actividade se elaboraron propostas políticas que podan contribuír a que estes futuros se fagan unha realidade. A continuación se mostran as conclusións deste traballo:

“Queda moito por facer para que as persoas sexan plenamente conscientes de que non toda a situación que viven deben asumila soas, sen axuda, nin medidas nin dereitos que lles pertencen”

► Bloque Rendas Mínimas

- Redución da burocracia para a tramitación e fin da violencia administrativa. Exceso de documentación para demostrar a necesidade.
- Redución dos tempos de espera na resolución da prestación: Máis persoal administrativo e diminución da ratio de traballadores/as sociais por habitante que permita ás profesionais dos servizos sociais centrarse máis na atención da persoa dun xeito máis próximo.
- Maior coordinación e comunicación entre organismos para non ter que andar de 'tour' dun sitio a outro.
- Ingreso Mínimo Vital universal e compatible con outras axudas autonómicas e/ou municipais.
- Que todas as persoas teñan dereito a acceder a unha renda mínima de calidade, sen importar o seu estatus migratorio e incluíndo as persoas maiores de 18 anos e de 65 anos.
- Máis accesibilidade para a presentación (alternativas á vía online).
- Eliminación da desigualdade nos orzamentos destinados ás comunidades autónomas para a creación de rendas,

“As rendas mínimas deben ser canóns que impulsen ás persoas, non cadeas aos pes.”

“No ano 2024 os requisitos de acceso son, por fin, xustos e equitativos”

- Que as prestacións a persoas en situación ou risco de exclusión social e todo tipo de pensións suban acorde ao IPC.
- Subir impostos aos ricos para repartir entre os que máis o precisen.
- Importancia de ter en conta a figura da persoa cuidadora para establecer axudas específicas tanto a persoas que tiveron que deixar os seus traballos para atender aos seus familiares como tamén ás que, podendo compatibilizar traballo e cuidados, non son capaces de facer fronte ós custos derivados das tarefas de coidado (adaptación de vivenda, produtos ergonómicos, etc.).

► Bloque Vivenda

“Se teño unha vivenda podó formar unha familia, podó conseguir un traballo estable, podó facer plans a longo prazo, podó restaurar o meu proxecto de vida.”

- A vivenda é un dereito, ningunha persoa sen fogar.
- Creación dunha bolsa galega de vivendas abandonadas, rehabilitación das mesmas e tramitar a través delas un aluguer social.
- Reserva de vivendas destinadas a todas aquelas persoas con dificultade para acceder a unha vivenda digna.
- Que se penalice aos propietarios e inmobiliarias que, por discriminación e racismo, non alugan ás persoas de orixe estranxeiro.
- Regular o mercado de vivenda para que os alugueiros sexan accesibles a todas as persoas

(que non superen o 30% do salario mínimo interprofesional), e facilitar o acceso mellorando a cobertura das axudas destinadas ao pagamento do aluguer.

- Aumentar a oferta de vivendas de protección oficial e facilitar o acceso a elas.
- Vivendas de emerxencia, alternativas habitacionais mentres se tramitan e resolven prestacións.
- Cobertura mínima enerxética (gastos de auga, luz, gas natural, etc.).
- Cobertura para requisitos de acceso á vivenda (avais, fianza, seguro).
- Máis albergues e casas de protección oficial.
- Hipotecas sen intereses.
- Facilitar as adaptacións de vivenda no caso de persoas dependentes, ademais de axilizar os prazos para dita accesibilidade e eliminación de barreiras arquitectónicas cando se trata de vivendas de protección.

“Non ter unha vivenda mata, e con agonía”

► Bloque Emprego

- Que todas as persoas teñan un emprego cun soldo digno. Ninguén sen un traballo digno e remunerado, evitando a explotación das persoas en situación máis precaria.
- Servicio público de emprego que non so tramite subsidios, senón que funcione como oficina de emprego real, con capacidade para colocar ás persoas en traballos de calidade.
- Mais emprego inclusivo, aumentar a inversión no fomento do emprego.
- Maior accesibilidade ás formacións.
- Realización de programas de creación de emprego para as persoas maiores de 50 anos, con especial atención ás persoas que inician o proceso migratorio nunha idade na que o mercado de traballo non as considera atractivas e empregables, pero que teñen forza de traballo e moito que aportar.

“Quero, podoo e merezo traballar. Porque é un dereito”

“No 2024, a taxa de paro en maiores de 50 anos se viu reducida á metade”

- Que o Estado realice xestións para que os y as inmigrantes maiores podan recuperar as pensións obtidas nos seus países de orixe, froito do traballo de moitos anos.

-Que se establezan métodos para que as persoas migrantes podan demostrar a súa experiencia e competencias profesionais para poder acceder a mellores postos de traballo.

- Fomentar a diversidade nos postos de atención ao público das empresas.
- Permiso de traballo dende o primeiro momento para persoas que solicitan protección internacional.
- Facilitar o acceso ao emprego bonificando a contratación de persoas en risco de exclusión social.
- Ampliar o número de persoas con discapacidade que deben estar contratadas nas empresas de 50 traballadoras.

- Recoñecemento da figura da persoa cuidadora para o establecemento de medidas de inclusión sociolaboral que recollan aspectos como a flexibilidade de horario, a adaptación e compatibilización coas tarefas de cuidados.

“Menos cursos e máis emprego!”

- Creación dun rexistro de persoas cuidadoras e certificados de profesionalización para aquelas persoas que, unha vez finalizados os cuidados, queiran acceder ao mercado laboral e non costen eses anos como 'baleiros' no seu currículo.

Finalmente, se realizou unha votación para seleccionar aquelas medidas prioritarias entre as propostas feitas por EAPN Galicia no marco das eleccións autonómicas 2020. Os resultados foron os seguintes:




Rendas Mínimas

- Blindar o orzamento da Renda de Inclusión Social de Galicia (RISGA) asegurando a súa compatibilidade e subsidiariedade co Ingreso Mínimo Vital e o recoñecemento do dereito subxectivo e incondicionado á supervivencia.
- Complementando ingresos ata o limiar de pobreza relativa. De xeito urxente (como moi tarde na Lei de acompañamento de orzamentos 2021) naquelas familias con nenos, nenas ou persoas con dependencia, duplicando o complemento vivenda ou valorando os cuidados.



Vivenda

- Garantir o dereito a unha vivenda digna, axeitada e accesible, priorizando a rehabilitación e o alugueiro social.
- Loitar contra a exclusión residencial severa promovendo o acceso á 40.000 vivendas no 2023. Financiando obras de rehabilitación e accesibilidade, facilitando o acceso en réxime de alugueiro social penalizando as vivendas baleiras ou perseguindo a infravivenda de alugueiro. Garantindo sempre a máxima protección para as persoas propietarias e inquilinas, polo que debe ir acompañada de medidas de prospección/mediación e acompañamento.



Emprego

- Por un emprego digno e inclusivo, asegurando o acompañamento estable e profesionalizado ás persoas con maiores dificultades de empregabilidade ou precariedade laboral.
- Impulso formación persoalizada e adaptada á demanda do mercado de traballo para favorecer a inserción sociolaboral de persoas en risco de pobreza para novos nichos de Emprego: economía circular, cuidados e dependencia, etcétera.

Queremos agradecer a participación das seguintes entidades:

**Accem | Boa Vida | Cáritas Diocesana de Mondoñedo–Ferrol |
COGAMI | EMAUS | Federación Alzheimer Galicia | Federación Down
Galicia | Fundación JuanSoñador | Fundación Ronsel | Provivienda**

Por conformar grupos de traballo en A Coruña, Ferrol, Ourense, Pontevedra,
Santiago de Compostela e Vigo.

Especialmente, gracias a:

<i>Abdoul</i>	<i>Gabriela</i>	<i>Magdiel Ancizar</i>
<i>Ahmed</i>	<i>Gemma</i>	<i>Mame</i>
<i>Alba</i>	<i>Irene</i>	<i>María Natalia</i>
<i>Alba María</i>	<i>Ivonet</i>	<i>María Pilar</i>
<i>Ángel</i>	<i>Javier O.</i>	<i>Martín</i>
<i>Ángela</i>	<i>Javier P.</i>	<i>Michel</i>
<i>Beatriz</i>	<i>Jesús J.</i>	<i>Miguel</i>
<i>Belén</i>	<i>Jorge Manuel</i>	<i>Rose</i>
<i>Carlos Eduardo</i>	<i>Juan Manuel</i>	<i>Sandra</i>
<i>Duvraska A.</i>	<i>Juana M^a.</i>	<i>Steven</i>
<i>Elena</i>	<i>María Amalia</i>	<i>Tarik</i>
<i>Elisabeth</i>	<i>M^a Carmen</i>	<i>Vanesa</i>
<i>Enrique</i>	<i>M^a del Pilar</i>	<i>Victor Manuel</i>
<i>Fernando</i>	<i>M^a Lourdes</i>	<i>Yerai</i>
<i>Francisco Javier E.</i>	<i>M^a Lourdes R.</i>	<i>Yosehanna</i>
<i>Francisco Javier M.</i>	<i>M^a Teresa</i>	<i>Zinthia</i>